

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

O **Proxecto lingüístico** trata de conxugar os dereitos individuais de cada un dos membros da institución cos dereitos colectivos; así como as obrigas institucionais verbo dos citados dereitos. Non pretende impoñer, senón convencer; non pretende castigar senón incentivar; non pretende violentar vontades senón garantir dereitos fundamentais; non pretende a substitución dunhas lingua por outras, senón equiparar competencias comunicativas nunha sociedade que non debe sacrificar a pluralidade da súa riqueza lingüístico-cultural en favor dunha empobrecedora e uniforme aspiración globalizadora.

Os prexuízos obrantes aínda sobre o galego son froito do descoñecemento e da marxinación histórica na que se moveu esta lingua. Cómpre desmontalos usando todo o dispositivo legal e institucional, pero tamén a información e a argumentación científica. Só desta maneira se pode garantir que as medidas propostas sexan realmente eficaces.

A normalización da lingua nunha institución complexa, como o IES do Castro, require non soamente persoal formado que elabore documentos, que asesore lingüisticamente e que realice labores técnicos de normalización e de análise da situación; senón que máis importante que a disposición deste persoal é conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos do Instituto neste proceso. Por iso, cómpre contar con dous factores imprescindibles para levar adiante o proceso de cambio: en primeiro termo, o compromiso e a vontade firme da dirección do centro e, en segundo, un compromiso unánime co Proxecto por parte de todos os sectores e ámbitos do Instituto. Non é posible conseguir a plena normalidade lingüística se non se fai do obxectivo da normalización unha empresa asumida colectivamente.

A normalización lingüística é un proceso complexo e dinámico que precisa fixar uns obxectivos concretos, deseñar un conxunto de accións interrelacionadas e facer balance do desenvolvemento das ditas accións e o grao de consecución dos obxectivos; todo isto coa perspectiva dun cambio progresivo da situación da lingua galega cara á súa plena normalización. Terá, ademais, que analizar as eivas e reconsiderar os proxectos iniciados, de xeito que se poidan dar novos pulos que asenten os avances conseguidos e se atopen novos camiños, coa vontade de progresar no cumprimento dos mandatos legais e estatutarios.

ANÁLISE DA SITUACIÓN

Na elaboración dun Proxecto lingüístico que resulte verdadeiramente efectivo encontrámonos, a miúdo, coa inexistencia de estudos rigorosos sobre a situación sociolingüística da comunidade sobre a que se pretende intervir. Parece lóxico que, para propiciar un cambio lingüístico necesario para garantir o uso normal das linguas nunha comunidade dada, o coñecemento exhaustivo desa comunidade sexa a mellor ferramenta para deseñar con acerto as medidas que conduzan ao éxito.

Faise, polo tanto, necesaria a elaboración dun estudo da situación sociolingüística do centro seguindo as seguintes pautas: contexto sociolingüístico, situación do profesorado (competencia e actitude), situación do alumnado (competencia e actitude), ambientalidade lingüística do centro, outros datos (contexto no que está situado o centro, porcentaxe de alumnado inmigrante, procedencia do alumnado inmigrante, competencia lingüística do alumnado inmigrante...)

A elaboración deste estudo farase por medio de enquisas e da observación, en función dunha planificación lingüística activa, revisable e avaliable.

Para avaliar as competencias e as actitudes lingüísticas do alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos, farase un estudo cada catro cursos escolares para comprobar e revisar estratexias. As conclusións deberán servir de guía na elaboración das estratexias a seguir no Proxecto lingüístico.

OBXECTIVOS E ÁMBITOS DE APLICACIÓN

O ámbito do ensino é un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos. Estes deben impulsarse a partir da dimensión comunicativa das linguas en relación con contextos vivos, a través dos cales o alumnado perciba a utilidade das mesmas, capacitándoo así para un uso correcto e eficaz. Esta competencia comunicativa só se poderá conseguir a través da utilización vehicular das linguas, e especialmente do galego, nunha parte significativa do currículo.

Algúns dos obxectivos a medio e longo prazo son:

- a) alcanzar un uso normalizado do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral;
- b) fomentar o uso progresivo do galego desde a etapa inicial da ESO para ir superando as carencias que se observen;
- c) lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa capacidade de comunicación en dita lingua;
- d) priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade;
- e) garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz;
- f) incidir, mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización do centro;
- g) deseñar e levar a cabo campañas de sensibilización ante o uso do galego, diversificadas para os diferentes membros da comunidade educativa e que promovan a análise crítica dos prexuízos existentes, tanto sobre a presenza escolar deste idioma como sobre a lingua galega e as linguas en xeral;
- h) informar ao alumnado, profesorado, familias e persoal non docente do centro sobre os obxectivos lingüísticos do sistema educativo e sobre os fundamentos científicos e o valor da presenza da lingua galega no sistema educativo.

Adecurase o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar de xeito que a planificación lingüística se adapte ás especificidades do centro, orientándoa ao obxectivo legal de acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

Fomentarase a presenza da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice.

Realizarase na memoria de cada curso escolar unha avaliación do estado de normalización do centro.

PROFESORADO

Un dos obxectivos será conseguir que a maioría do profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.

Debe asegurárselle ao profesorado unha formación sociolingüística e psicopedagóxica que lle permita interpretar a realidade lingüística do alumnado para poder participar con criterio e eficacia nas tarefas de planificación, dinamización lingüística e práctica profesional. O EDLG facilitará información e materiais adecuados en función de ditos obxectivos.

A mellora da competencia lingüística en galego, fomentando a formación, debe ser outro dos obxectivos. Esta mellora ha de facerse en función da consolidación da lingua galega como un dos idiomas instrumentais da docencia. O Equipo de Dinamización da Lingua Galega difundirá e facilitará polas canles axeitadas os materiais de terminoloxía, estilos e linguaxes de especialidade necesarios para que o persoal docente poida desenvolver en galego as súas funcións e tarefas.

Cómpre tamén unha renovación actualizada da práctica didáctica nunha perspectiva comunicativa que se centre no uso lingüístico (especialmente no oral) e garantir unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade das linguas e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

Debe promoverse no ensino da lingua galega prácticas didácticas actualizadas orientadas a conseguir dous obxectivos básicos: a plena competencia oral e escrita do alumnado e a mellora das actitudes e da valoración do idioma por parte deste colectivo.

Nas áreas ou materias impartidas en lingua galega debe procurarse que o alumnado a utilice nas manifestacións orais e escritas. Os materiais que se empreguen estarán normalmente en dita lingua e deben ter a calidade científica e pedagóxica adecuada.

O profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas vehiculares poida seguir con proveito as ensinanzas que nestas linguas se lle impartan.

Por parte do profesorado compre poñer en práctica as ofertas lingüísticas que o Plan de Normalización denomina **oferta positiva** e **oferta informativa**. Na aplicación ao sistema educativo, a **primeira** consistiría na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre o/a profesor/a e o alumnado. A oferta positiva desinhibe o galego do/a alumno/a, permíttelle saír da ocultación, facilita que a actividade se poida desenvolver nesa lingua e elimina de raíz a barreira rutineira pola que o/a alumno/a lle oculta o seu galego a todo aquel que aparece revestido de máis poder ou autoridade. No caso dos materiais escritos, exames, etc. implica que se lle ofrezan de partida na lingua vehicular propia da materia. A **oferta informativa** consistiría en informar da validez, legalidade e mesmo conveniencia de desenvolver a actividade lectiva en lingua galega.

ALUMNADO

O principal obxectivo consiste en lograr que o ensino lle garanta unha boa competencia nas dúas linguas oficiais a todo o alumnado e que repercuta de forma positiva no uso da lingua galega, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán. Debe, pois, procurarse a estimulación no alumnado de actitudes favorables que se traduzan no uso do galego, superando vellos prexuízos e inercias negativas.

Todo isto sen prexuízo de que, segundo a lexislación vixente, o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia sexa cal sexa a lingua vehicular da materia. Non obstante o anterior, procurarase que o alumnado utilice a lingua en que se imparte a materia.

No Anexo I recóllese a decisión do centro respecto das linguas na que se impartirán as distintas materias. Esta decisión poderá revisarse cada catro cursos ou, se é o caso e sempre de forma xustificada, ao final de cada curso escolar.

O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en , procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro , poderá obter a exención da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante dous cursos académicos . Este alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.

O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a, a revogación da exención. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atopa.

Este alumnado procedente de países estranxeiros, sobre todo se procede de países lingüisticamente moi diferenciados, recibirá un apoio especial, aínda que non estea exento da materia de lingua galega. Os departamentos de Lingua Galega, Lingua Castelá e Orientación coordinarán un plan individualizado que teña como obxectivo a progresiva competencia lingüística nas dúas linguas cooficiais.

Ademais da competencia lingüística, o alumnado inmigrante recibirá formación específica de coñecementos históricos e socioculturais relativos a Galicia a través das materias que os incorporen como tales na súa programación.

ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

No ámbito administrativo e de servizos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito tanto nas relacións mutuas e internas do propio centro como nas que se manteñan con outras administracións e/ou entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.

As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común [“Los expedientes o las partes de los mismos redactados en una lengua cooficial distinta del castellano, cuando vayan a surtir efectos fuera del territorio de la Comunidad Autónoma, deberán ser traducidos al castellano por la Administración Pública instructora”]

As actuacións administrativas de réxime interno, como actas, comunicados e anuncios, faranse, con carácter xeral, en lingua galega.

PROYECCIÓN EXTERNA DO CENTRO

- Debe promoverse a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización da lingua e cultura galegas.

- Estableceranse liñas de actuación entre o Instituto e os servizos culturais e educativos do Concello, en prol da normalización lingüístico-cultural que se poidan achegar mediante os recursos propios de cada unha das institucións: “Vigo por dentro”, recursos educativos do centro...

- Fomentarase a colaboración co EDLG do CEP Dr. Fleming para unificar criterios de planificación da normalización lingüística, garantindo, así, a continuidade daqueles obxectivos que se proxecten a longo prazo.

- Fomentarase a colaboración coas entidades culturais e asociativas do contorno do centro escolar para a organización de actividades conxuntas que contribúan a unha mellora da valoración social da lingua e cultura galegas.

- Dentro desta proxección externa, terá unha prioridade especial a colaboración coa ANPA para, sobre todo, a) sensibilizar as familias sobre as vantaxes de que os seus fillos/as coñezan a lingua galega; b) concienciar as familias dos valores identitarios do galego, das vantaxes pedagóxicas, culturais e sociais do seu coñecemento e, polo tanto, da transcendencia de transmitírllelo e fomentalo entre os seus fillos.

DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS EN FUNCIÓN DA LINGUA VEHICULAR

PRIMEIRO ESO		
Lingua propia da materia	Lingua galega	Lingua castelá
<ul style="list-style-type: none">• Inglés(3)• Lingua castelá(4)• Lingua galega (4)• Francés(2)	<ul style="list-style-type: none">• Ciencias da Natureza(4) [*]• CCSS,Xeografía e Historia(3) [*]• Educación Física (2)	<ul style="list-style-type: none">• Matemáticas (4) [*]• Educ. Plástica (2)• Proxecto interdisciplinar (1)• Relixión católica (2) / Hª Cultura Rel.. (2)
SEGUNDO ESO		
Lingua propia da materia	Lingua galega	Lingua castelá
<ul style="list-style-type: none">• Inglés(3)• Lingua castelá(3)• Lingua galega(3)• Francés(2)	<ul style="list-style-type: none">• Ciencias da Natureza(3) [*]• CCSS,Xeografía e Historia(3) [*]• Ed.. cidadanía (2)• Música (2)	<ul style="list-style-type: none">• Tecnoloxías(3) [*]• Matemáticas(4) [*]• Educación Física (2)• Relixión católica (1) / Hª Cultura Rel.. (1)

TERCEIRO ESO		
Lingua propia da materia	Lingua galega	Lingua castelá
<ul style="list-style-type: none"> • Lingua castelá(3) • Lingua galega(3) • Inglés(3) • Francés(2) 	<ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía(2) [*] • CCSS,Xeografía e Historia(3) [*] • Música (2) • Obradoiro Inic. Emp. (2) • Educación Física (2) 	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas(3) [*] • Tecnoloxía(2) [*] • Física e Química(2) [*] • Educ. Plástica e Vis. (2) • Relixión católica / Hª e Cult. Rel. (1)
CUARTO ESO		
Lingua propia da materia	Lingua galega	Lingua castelá
<ul style="list-style-type: none"> • Lingua castelá(3) • Lingua galega(3) • Francés(3) • Inglés(3) 	<ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía (3) [*] • CCSS, Xeografía e Historia (3) [*] • Ed. Ético-cívica (1) • Música (3) • Obradoiro Inic. Empr. (3) • Informática (3) • Cultura clásica (3) • Música (3) 	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas (3) [*] • Tecnoloxía (3) [*] • Física e Química (3) [*] • Ed. Plást. E Vis. (3) • Educación Física (2) • Relixión católica / Hª e Cult. Rel.. (1) • Latín (3)
<p>OBSERVACIÓNS: entre () o número de horas de cada materia. Sinaladas con [*] as materias previstas no Decreto. Na ESO “ Cada centro educativo (...) decidirá en que lingua se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais (...)”</p>		

PRIMEIRO BACHARELATO						
Lingua propia da materia	CIENTÍFICO – TÉCNICO					
	Materias comúns		Materias de modalidade		Materias optativas	
	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá
-Lingua castelá (3) -Lingua galega (3) -Inglés (3)	-Ciencias M. Cont. (2)	-Filosofía (2)	-Bioloxía e Xeoloxía (4)	-Deb. Técn I (4)	-Tics (4)	-Música (4)
	-Ed. Física ((2)	-Relixión católica (1)	-Tecn. Industr. I (4)	-Fis. e Quím. (4)	-Antropoloxía (4)	-Lit.. Hisp. (4)
	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS					
	Materias comúns		Materias de modalidade		Materias optativas	
	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá
-Ciencias M. Cont. (2)	-Filosofía (2)	-Hª M. Cont. (4)	-Latín I (4)	-Tics (4)	-Música (4)	
-Ed. Física ((2)	-Relixión católica (1)	-Economía (4)	-Grego I (4)	-Antropoloxía (4)	-Lit. Hisp. (4)	
		-Mat. Apl. CCSS (4)				

-Francés(4)	SEGUNDO BACHARELATO					
	CIENTÍFICO – TÉCNICO					
	Materias comúns		Materias de modalidade		Materias optativas	
	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá
	-Hª España (3)	-Hª Filosofía (3) -Rel. Católica (1)	-Biología (4) -Matemáticas II (4) -Tecn. Ind. II (4)	-Física (4) -Química (4) -Deb. Téc. II (4)	-Cienc. Terra Med. (4) -Xeog. Hª Gal. (4) -Lit. S. XX (4) -Mét. Est. Num. (4) -Xeoloxía (4)	-Electrotecnia (4) -Hª Música (4) -Filosof. Ciencia (4) -Et. Fil. Der. (4)
	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS					
	Materias comúns		Materias de modalidade		Materias optativas	
	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá	L. galega	L. castelá
	-Hª España (3)	-Hª Filosofía (3) -Rel. Católica (1)	-Hª Arte (4) -Xeografía (4) -Econ.. Empr. (4) -Mat. Apl. CCSS (4)	-Latín II (4) -Grego II (4) -Lit. Univ.. (4)	-Cienc. Terra Med. (4) -Xeog. Hª Gal. (4) -Lit. S. XX (4) -Mét. Est. Num. (4) -Xeoloxía (4)	-Electrotecnia (4) -Hª Música (4) -Filosof. Ciencia (4) -Et. Fil. Der. (4)
	<p>OBSERVACIÓNS: entre () o número de horas de cada materia. En BACHARELATO “cada centro educativo (...) establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e castelán”.</p>					